

Vigo, a 19 de xuño de 2017

Estimadas familias:

Mediante a presente queremos darlle a benvinda ao **CAMPUS CAMP** organizado pola Universidade de Vigo e xestionado por Osventos Innovación en Servizos, que terá lugar dende o día 24 de xuño ata o 31 de xullo e do 1 ao 11 de setembro.

Durante o desenvolvemento do campamento realizaremos diferentes obradoiros como contacontos, de música, de creatividade, informática, xogos e deportes alternativos, etc., creando así un ambiente lúdico e educativo ao mesmo tempo.

Tratando de dar o mellor servizo e para que o campamento teña o éxito que todos/as agardamos, pregamos, na medida do posible, que os/as participantes traian unha **MOCHILA etiquetada co seu nome**, e co seguinte material:

- **MERENDA E AUGA:** Recordámoslles que poden enviar algún alimento para tomar no descanso da mañá (a poder ser que veña nunha bolsa co seu nome).
- **CREMA DE PROTECCIÓN SOLAR:** Aconsellamos incorporar protección solar para empregar cando se fagan saídas ou actividades ao aire libre.
- **VESTIMENTA:** Recomendamos que os/as envíen con roupa cómoda e que se poida manchar sen problemas. Suxerimos que inclúan unha gorra para empregar nas actividades ao aire libre.
No caso de que se fagan actividades na piscina, os/as nenos/as deberán levar gorro, traxe de baño, toalla e chancletas.

Prégase que indiquen diariamente quen irá recoller o/a neno/a ao final da xornada, especialmente no caso de ser unha persoa diferente da que o/a leve pola mañá e/ou distinta do seu pai/nai/titor/titora.

Esperando que os seus/súas fillos/as gocen dunha experiencia inesquecible, aproveito a ocasión para saudarlles moi atentamente.

Contactos:

Coordinador Campus Camp Vigo (Juanjo): 696427924

Osventos Oficina: 881169487

Osventos whatsapp: 661839696

Email: campuscamp@osventos.com